



CONCELLO DE REDONDELA

## EXPEDIENTE N.º 1583/2020

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O Concello de Redondela co obxecto de adoptar as medidas de saúde pública de carácter extraordinario que require a evolución do coronavirus COVID-19 dentro do seu ámbito territorial e no marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente e, atendendo as medidas xa comunicadas polo Goberno do Estado e a Xunta de Galicia.

Tendo en conta a necesidade de implementar as medidas urxentes de prevención co fin de evitar e non favorecer a propagación do coronavirus.

Co obxecto de poñer en marcha estas actuacións preventivas en todas as instalacións municipais, e en referencia a todas as actividades que se desenrolan polo Concello de Redondela e no seu término municipal.

En virtude das competencias que outorga a esta Alcaldía o artigo 21.1 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, se procede á adopción da seguinte

### RESOLUCIÓN,

**PRIMEIRO.** A adopción das seguintes medidas preventivas a partir de hoxe 13 marzo e ata o 29 de marzo (ambos incluídos) e sen prexuízo da posibilidade de modificación de dito prazo atendendo as circunstancias concurrentes. :

- O peche ao público de todas seguintes as instalacións municipais, **biblioteca, multiusos, instalacións deportivas, centros culturais, e Museo de Meirande de Rande** seguintes, sen perxuízo de que poida actualizarse dito listado:

- No caso do Conservatorio municipal de música de Redondela, as escolas infantís e demais centros escolares, quedará suspendida a actividade lectiva, a partir do luns 16 de marzo de 2020, de acordo coa Resolución de 12 de marzo pola que se da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Quedando a atención ao público no Conservatorio municipal de música de Redondela, limitada de modo ordinario a medios telefónicos e telemáticos e solo no caso de resultar imprescindible acudir presencialmente a instalación municipal, se fará previa cita que se solicitará igualmente vía telefónica.

**SEGUNDO.** Acordar a suspensión de todos os actos públicos cuxa organización dependa do Concello, así como todas as actividades e programacións dirixidos a veciñanza e público en xeral, de carácter cultural, deportivo, etc., as festas, ferias, mercadillos, e demais actos que poidan supoñer a congregación ou reunión das veciñas e veciños, tanto exteriores como interiores.

En concreto se sinala especificamente pola incidencia dentro do Concello de Redondela, a suspensión da feira tanto en Chapela como en Redondela, dentro deste período temporal.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 9R66TFQZXXYPHQLH46NZP3VXN | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

**TERCEIRO.** Adoptar as seguintes medidas preventivas a partir do próximo **luns día 16 de marzo de 2020e ata o 29 de marzo (ambos incluídos)** e sen prexuízo da posibilidade de modificación de dito prazo atendendo as circunstancias concorrentes. :

- Respecto a atención ao público nas oficinas municipais, o modo ordinario de atención será o telefónica e telemática para a presentación de instancias e solicitudes e solo no caso de resultar imprescindible acudir presencialmente a instalación municipal, se fará previa cita que se solicitará igualmente vía telefónica.

En todos os lugares nos que sexa imprescindible a atención presencial polos empregados/as municipais, se adoptarán as medidas de seguridade, limitando o espazo a unha distancia mínima dun metro co público e adaptando as demais medidas de hixiene recomendadas.

**CUARTO.** Instar as empresas concesionarias ou prestadoras de servizos de titularidade municipal a atender as medidas adoptadas polas autoridades competentes, e a aplicación de solucións que favorezan a protección dos seus traballadores, fomentando as fórmulas de tele traballo, e a xestión telemática e atención telefónica dos usuarios, tendo en conta que se trata de servizos de carácter esencial, debendo garantir en todo caso a súa prestación.

A oficina de xestión tributaria adoptará as medidas implementadas para o resto das oficinas do Concello de Redondela, respecto á prestación do servizo e os/as seus traballadores/as.

**QUINTO.** Acordar as seguintes medidas respecto ao persoal municipal:

O persoal do Concello de Redondela que teña ao seu cargo menores de 12 anos ou maiores dependentes, e véxase afectado polo peche dos centros educativos e de maiores, serán de aplicación as seguintes medidas, polo tempo que as autoridades competentes determinen e de acordo coas seguintes instrucións:

a) Flexibilización da xornada laboral das persoas empregadas que teñan fillos, fillas, persoas acollidas menores de 12 anos ou ben persoas maiores cos que convivan, sen suxeición á xornada laboral de presenza obrigatoria establecida.

b) No caso de que sexa indispensable, permitírase a permanencia do persoal no seu domicilio polo tempo imprescindible, tendo a consideración de deber inescusable, de conformidade co disposto no artigo 48.j do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Esta circunstancia deberá ser avalada pola xefatura do departamento que corresponda.

c) No caso de que ambos proxenitores ou responsables do menor ou maior dependente, teñan a condición de persoal ao servizo do Concello de Redondela, non poderán gozar destas medidas simultaneamente.

Todas estas medidas están supeditadas ás necesidades do servizo, e deberán ser garantidas polas xefaturas dos departamentos.

A concorrencia destas circunstancias deberán ser acreditadas





CONCELLO DE REDONDELA

documentalmente ante o servizo de persoal.

As persoas afectadas polo peche de centros educativos ou de maiores, poderán traballar en remoto sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- acreditar tal condición.
- dispor de medios informáticos e conexión a internet
- garantir a confidencialidade da información que se utiliza fora do centro de traballo.

Se posibilitará tamén a reorganización dos turnos que fosen necesarias, propoñendo cada departamento a determinación dos mesmos.

A posibilidade de traballar en remoto, non é aplicable en ningún caso ao persoal que non desenvolva tarefas de oficina (brigadas de vías e obras, oficios, condutores/as, vixiantes, xardineiros/as, mantemento, policía local, emerxencias e asimilados).

Se evitarán as reunións de traballo presenciais.

**SEXTO.** Acordar o peche de todos os parques infantís municipais.

**SÉTIMO.** Informar que o servizo de axuda no fogar se seguirá prestándose con normalidade, se ben adoptándose medidas extraordinarias de hixiene e seguridade, atendendo ao protocolo establecido ao efecto pola administración competente.

Se algún usuario desexase suspender a prestación do servizo con carácter individual, poderá comunicalo ao servizo social municipais.

**OITAVO.** Os Plenos municipais se celebrarán a porta pechada, sen asistencia de público.

**NOVENO.** Dar publicidade á presente resolución a fin de poñela en coñecemento dos usuarios dos servizos e dos veciños en xeral.

A ALCALDESA

Digna Rosa Rivas Gómez

A SECRETARIA

M.<sup>a</sup> Ángeles García Villaverde

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**

